



# Benvido ao meu mundo...! (notas sobre a recepción dun bombazo)

---

James Alison<sup>1</sup>

Non houbo maneira de evitalo! Por fin estalou. Arrincoise o veo ao que en Francia se chama, con graza, un «*secret de Polichinelle*» –un secreto a voces: algo que todo o mundo sabe, pero cunha evidencia fugaz e ao que tampouco se presta demasiada atención. O que era simplemente anecdótico adquire por fin unha visibilidade sociolóxica. Xa era hora.

## 1.- Introducción

O libro de Frédéric Martel *Sodoma: poder e escándalo no Vaticano* é a primeira tentativa da que teño noticia de contestar, a partir dunha investigación rigorosa, á pregunta: Como e por que o principal obstáculo institucional aos dereitos LGTB a nivel mundial está, aparentemente, tan angustiosamente poboado de homes gais? Mírese por onde se mire, a pregunta non é estúpida. O autor dedicou varios anos ao xornalismo de investigación en busca da resposta. Fixo múltiples viaxes intercontinentais, pasou meses vivindo tanto en Roma como dentro do mesmo Vaticano, sempre co seu propio nome. Levou a cabo centos de entrevistas con aqueles que están, dunha ou doutra maneira, involucrados. Desde traballadores do sexo a cardeais, pasando por xornalistas, médicos, avogados, policía, curas, diplomáticos e avogados. Da evidencia recollida

---

<sup>1</sup> James Alison é un teólogo católico e sacerdote. É recoñecido pola súa aplicación da teoría antropolóxica de René Girard á teloxía sistemática cristiá e polo seu traballo en cuestións LGBT.

xorde un cadro: a homosexualidade vivida sistemicamente de forma deshonesto crea unha cultura de mutuo encubrimento que se auto-reforza constantemente: a estrutura do armario clerical.

Algúns feitos que descubrimos no libro son á vez novos e perturbadores. As relacións entre Pinochet, os círculos católicos gais de dereita en Chile e Angelo Sodano (o responsable de tantos nomeamentos do tan caído en desgraza episcopado chileno); a chantaxe que puido efectuar a Xunta Militar Arxentina dos anos 70 sobre o nuncio Pío Laghi, grazas á debilidade deste polos «*taxiboy*s» locais; a pregunta sobre até que punto os abusos sexuais na Arquidiocese da Habana foron a última pinga para o Papa Bieito, o gatillo para a súa renuncia; os vínculos entre Afonso López Trujillo e o narcotráfico en Colombia, como tamén a violencia sexual que practicaba cos *chaperos* de Medellín. E tantas historias máis, de diñeiro e de sexo. Algúns destes relatos xa eran coñecidos nos seus países de orixe, polo menos polos xornalistas locais; pero esta é a primeira vez que se atan tantos cabos soltos a nivel mundial.

Martel retrata, si, algúns monstros nas súas páxinas, como tamén moitas cousas que apenas merecerían un apuntamento, a non ser por desprezarse no medio da vida, por outra banda, burocrática, do alto clero. Pero non é un libro especialmente lascivo. A todos os elementos potencialmente sensacionalistas rebaixóuselles o ton para destacar o funcionamento dun sistema que os propios funcionarios cren manexar, pero que de feito os manexa a eles triste e cruelmente. O autor ten claro que topa con moitísimos homes gais, pero con moi poucos pedófilos. A diferenza dalgúns dos seus entrevistados, está perfectamente informado de que se trata de dúas cousas moi distintas. Este non é, de ningunha maneira, un libro sobre o abuso clerical a menores. Con todo, a natureza sistémica do hábito de mentir que queda ao descuberto si ten consecuencias importantes para comprender a causa de que o encubrimento do abuso a menores fose tan habitual. Esta mesma falsidade sistémica proporciona tamén luz sobre por que toda unha xeración do alto clero, a partir da fin do Concilio Vaticano II, non puido participar no proceso público de aprendizaxe sobre a homosexualidade, proceso este que nos caracterizou en

maior ou menor grao a todos, en todas as culturas, ao longo do últimos cincuenta anos. Queda patente, entrevista tras entrevista, que o fracaso recalcitrante do alto clero nesta aprendizaxe xogou un papel enorme na perda para o Evanxeo de toda unha xeración de fieis. Do mesmo xeito que o xogou tamén o seu habitual encubrimento dos abusadores clericais.

## 2.- Si, pero será verdade?

Antes de proseguir, é mester que sexa transparente. Son unha das moitas fontes deste libro, e unha das poucas en aparecer con nome propio. Cheguei a selo grazas a un colega do autor en París que lle falou dos meus intentos ao longo dos últimos 25 anos, de falar e de escribir sobre esta realidade. Para gran alivio meu, resultou que eu si intuía algúns dos elementos estruturantes do relato. Ademais, o autor tratoume con inmerecida xenerosidade, até o punto de incluír ao meu Bulldog Francés, Nicholas, nas súas páxinas. Quixese informar non tan só do feito de ser fonte, senón tamén do que aprendín durante o proceso de chegar a selo, pois ten relación directa coa fiabilidade do autor, e se o que di é verdadeiro. Preguntas estas que é moi probable que se produzan, xa que algunhas persoas certamente terán necesidade de disparar ao mensaxeiro para restarlle importancia á mensaxe.

O autor érame descoñecido cando recibín a súa solicitude de entrevista. Envioume un exemplar do seu libro *Global Gai* como presentación do tipo de xornalismo que el practica. O libro é unha exploración de como «gai» chegou a ser unha marca mundial, inculturada de maneiras diversas nas comarcas máis distantes do planeta. Dáse o caso de que coñezo ben varias das cidades que describe, por exemplo México e Bogotá. A descrición que fai da súa vida e ambiente gais concordaba coa miña experiencia, o que me fixo pensar que con toda probabilidade é igualmente fiable cando escribe sobre Teherán e Taipei, cidades que non coñezo. É máis, mostraba sutís matices antropolóxicos ao falar dos seus entrevistados e coñecidos, o que me levou a pensar que probablemente sabería evitar o monocromático ao tratar todos os «tons de gai» na

Igrexa. Notei tamén a súa profesionalidade coas fontes, protexéndolas coidadosamente nos países ou situacións onde era mester, permitindo ao mesmo tempo a aqueles que querían falar coa súa propia voz que o fixesen á súa maneira.

Xa antes do noso encontro Martel levaba tres anos co seu proxecto eclesiástico, e eu estaba favorablemente disposto a aceptar a súa fiabilidade. Puiden compartir con el tanto os meus puntos de vista sobre determinadas historias que coñecía por dentro, como tamén os nomes de amigos e contactos que talvez lle servisen para outros temas. Tamén cumpriu coa súa promesa de permitirme revisar, antes da publicación do libro, tanto as citas directas atribuídas a min, como as indirectas. Algunhas «melloráranse», digamos, durante o proceso de edición, pero nunca de maneira que chegasen a terxiversar a miña intención.

Con respecto ao tratamento que o autor dá ás historias que me eran coñecidas, dou testemuño das súas páxinas sobre o falecido cardeal López Trujillo. De visita a Medellín en 2003 eu escoitara historias sobre este prelado e a necesidade que tiña da violencia nas súas relacións sexuais cos mozos de pago locais. Hai que entender que, naquela época, con López Trujillo aínda vivo e poderoso tanto en Colombia como en Roma, ninguén quixese falar sobre isto en público. Quince anos máis tarde o meu anfitrión inicial, o Pai Carlos Ignacio Suárez, un sacerdote de enorme valentía, sucumbira ao cancro pancreático. Con todo, puiden indicarlle a Martel contactos entre os amigos «paisas». Cando por fin lin as páxinas relevantes do libro, non tan só confirmaban o que escoitara, senón que revelaban un caso de dimensións moito maiores do que puidese imaxinar. Asombra descubrir que moito disto xa se sabía tanto en Bogotá coma en Roma mentres López Trujillo aínda vivía.

Dubido que a miña experiencia como fonte fose única. O autor tratoume de maneira profesional e descubriu a base dun traballo arduo que aquilo que eu pensara que era certo tiña moito máis de verdade do que imaxinaba. Por iso inclínome a crer que moitas das súas fontes anónimas terían a mesma experiencia ao ler o libro, sen poder dicilo publicamente.

Unha observación máis sobre este tema. O asunto deste libro é a vivencia deshonesta da homosexualidade que estrutura a vida clerical. É un campo notoriamente fértil para toda clase de chisme. Por isto é moi fácil desestimar calquera abordaxe do tema, alegando que non pasa de «meros chismes». Pois ben, o autor falou con moitísimos clérigos gais que viven no armario. E a maioría deles mostrouse disposto a contalo todo sobre os demais (e os demais, por suposto, sobre eles). Na medida en que me é posible xulgalo ao ler o libro, o autor tende a non atribuír a homosexualidade ou a súa práctica a calquera suxeito con base en tan só os dardos venenosos típicos do mundo anterior á liberación gai que el describe con tanto tino. Máis ben buscou múltiples testemuñas e tentou, no posible, falar cos mesmos suxeitos para ver se soltaban peza. Esquezan os canarios: as divas wagnerianas desmaiáranse de envexa ante o moito e forte que cantaron moitos destes homes, tanto ao falar, como pola súa persistencia en querer pasar o seu número de móbil aos novos tradutores (masculinos) do autor.

Nalgunhas ocasións incomodoume a presenza de insinuacións e dobres sentidos no texto. Talvez por lembrarme demasiado a miña propia vivencia deste mundo. Acórdome dun chisme suramericano sobre unha suposta relación sexual entre un servidor e outro membro da congregación relixiosa coa cal estaba asociado. Dáse o caso de que o chisme era falso. Podería desacreditarse sinxelamente ao preguntar a calquera dos dous e observar a evidente hilaridade coa cal recibiría a suxestión. Como tamén o descartaría calquera amigo coñecedor dos meus gustos. Con todo, o obxectivo do chisme radicaba máis na manobra política ca na insinuación sexual. Aqueles que o amplificaban non tiñan nin intención de determinar a súa veracidade, nin interese en facelo. Era a súa utilidade a que importaba, e nada máis.

De feito, é difícil imaxinar como podería navegar pola estrutura clerical un xornalista de investigación. Baixo calquera réxime «total» ou opresor, os de dentro á vez sobreviven e protestan por medio do humor. Lembren o colapso temporal do humor político despois da morte de Franco. Do mesmo xeito, unha vez dentro daquel mundo total que é o «*closet*» eclesiástico, é difícil saber

onde rematan o humor negro de sobreviventes e as insinuacións, e onde empeza a evidencia. Polo mesmo é difícil saber onde un xornalista estaría a facer ruído alí onde o río non soa, ou máis ben sinalando a auga que o río si leva.

Polo outro lado, tamén é posible contribuír ao encubrimento ao tachar algo de «mero chisme». Quedei sabedor como chisme en 1987 do que resultou comprobado sobre o Pai Maciel décadas despois. O chisme sobre o arcebispo Nienstadt tamén, dez anos antes de que fose confirmado polos investigadores legais do Estado de Minnesota. Nin que dicir dos chismes sobre o famoso chalé de praia de McCarrick que saíu á luz en 2018. Dáse o caso de que todos os que tacharon de «meros chismes» estes relatos contribuíron ao seu encubrimento. Unha investigación correcta non se escuda detrás da imposibilidade, en case todos os casos, de obter evidencias fotográficas. Procede filtrar aos chismosos até descubrir se hai algunha testemuña auténtica na que se poida confiar a veracidade. Logo, se o asunto o merece, interrógase directamente ao sinalado. No medio altamente mendaz que é a estrutura clerical e sen que o xornalista dispoña dos instrumentos da lei civil –citacións, ameazas e disposicións legais– non hai moito máis que poida facer.

Pois parécese que é isto xustamente o que fixo o autor na medida do posible. E non, non se trata dun xornalista sensacionalista tras unha exclusiva morbosa. É o autor de varios libros, unha personalidade abertamente gai de centro esquerda na vida política francesa. Foi conselleiro dun primeiro ministro e de varios ministros de gabinete. Aínda que se describe como un ateo de cultura católica, non hai nin resentimento nin anticlericalismo nas súas páxinas. Sendo así, compárase favorablemente coa última persoa que tentou un «outing» masivo dos gais do Vaticano, o arcebispo Viganò. Os «outings» deste foron ideoloxicamente moi selectivos, faltándolle, curiosamente, incluír a aqueles que son máis afíns ás súas ideas. Tamén os seus refachos de entusiasmo polo tema eran algo confusos, deixando máis dun ferido de bala perdida, e a súa propia obsesión suxería unha complexa relación persoal co asunto. Martel, por contraste, non ten nada que esconder. Sen dúbida hai moitas máis cousas que el sabe, pero fáltanlle as evidencias para

podérnolo contar; algunhas outras, suprimíronas ou suavizáronas os seus editores, por consello dos seus avogados; e outras máis só poderán contarse cando os afectados teñan partido cara á máis afastada beira.

### 3.- Unha vez visto, non se pode deixar de ver

Até ler as páxinas de Martel nunca entendera ben por que Sócrates e Aristóteles afirmaban que no marabillarse –*thaumazein*– está o principio do pensamento serio. O cadro global que emerxe é como para desconcertarse. Son alguén que viu desde dentro todo aquilo que describe. Convivín con esta realidade toda a miña vida de adulto. Hai moitos anos que estou a tentar falar ou escribir sobre a mesma. E, con todo, non chegaba nin de preto a acertar co tamaño e a densidade do armario clerical e a apreciar canto deforma todos os aspectos da vida da Igrexa. É como se percibise un arrecife en marea alta, mentres que Martel puxo ao descuberto o volcán que había debaixo. Falar do meu asombro é pouco útil, pero só así consigo describir a miña sorpresa polas dimensións do que está a saír á luz.

De feito, máis ca algunha revelación particular sobre este ou outro clérigo de alto rango que resulta ser un *armarizado* a quen a maquillaxe non agocha o seu odio contra si mesmo, o libro de Martel ten o efecto de poñer de manifesto de maneira repentina e por primeira vez, o inimaxinablemente gai que é o alto clero da Igrexa católica. Non se trata simplemente de gobernos de estatísticas máis exactas nun campo onde os bispos se mostraron moi remisos en coñecer a verdade. Máis ben o asombro chega na medida na que vas seguindo a narración ao longo de máis de medio século, e descubres o que se abre ante os teus ollos. Martel desprega de maneira acumulativa o desenvolvemento deste asunto no Vaticano desde o pontificado de Paulo VI e como se viviu tamén en varios países clave: España, Francia, Italia, Chile por non citar máis. Cada vez móstrase a mesma estrutura básica: a indución a e a reprodución dunha homosexualidade mal vivida, unha dinámica longo tempo agochada a plena vista.

Todo isto lévate a caer na conta de que estás a ver algo que unha vez visto non pode deixar de verse. Por ninguén que o vira. Unha vez visto, xa se coñece como un feito sobre a institución eclesiástica, que non se poderá sortear. Finxir o contrario sería sinal de delirio. Antes de considerar se é bo ou malo que sexa así, ou de tomar calquera decisión respecto diso, paga a pena facer un alto e contemplar pampo esta perspectiva enteiramente nova sobre unha significativa institución cultural humana, nunca vista antes por ninguén.

E ao dicir ninguén, non esaxero. Algúns lectores talvez imaxinen que, nalgún lugar do Vaticano, ou nalgunha Nunciatura, existen persoas que xa sabían todo isto. Non como mera especulación, senón en detalle. Da mesma maneira que un controlador de tráfico aéreo sabe onde están todos os avións en voo, cousa que aqueles que están dentro dos mesmos, ou en terra, non poden ver. É máis, algúns lectores talvez pensen que esta xente que todo o sabía estivo escondéndonolo deliberadamente. Este tipo de fantasía, dun interresado malévolo, é, como toda teoría de conspiración, atraente. Pois, como toda imaxinación conspiradora, é un atallo, algo que aparentemente nos ofrece claridade, uns «shots» de sentido ciscallo cos bos e os malos convenientemente á vista.

Con todo, algo que emerxe do libro é que soamente alguén de fóra, con moita paciencia e dilixencia, podería alcanzar a ver a través de tantos diferentes «armarios» –unha colmea de armarios na excelente frase do profesor de Harvard Mark Jordan– e chegar así a darnos a primeira visión radiográfica do todo. Ningún dos moradores destes armarios ten senón unha moi escasa visión daquilo que pasa máis aló das súas celiñas circundantes. Disto tampouco debemos sorprendernos, pois non estamos a falar dunha gran mentira onde todos xogan ao baril en público até volver meterse tras as murallas do Vaticano; unha vez alí poden relaxarse, como no camerino dun teatro, quitar a maquillaxe, chamarse Mónica, Morgana ou Mechtilde e intercambiar chismes sobre os seus respectivos noivos.

Máis ben estamos a falar dun sen fin de pequenas mentiras, de manobras defensivas, actos de esconder o propio ser, adopción de posturas convenientes, medos a perder o seu medio de gañarse a



vida, traizóns aos amigos, amores disfrazados, indicios de chantaxe, alianzas estrañas, intercambios codificados e creacións resilientes de burbullas habitables. Trátase tamén de como os novos son inducidos a participar no xogo. Todos os involucrados están a mentir acerca de si mesmos e dos demais; ademais ao mesmo tempo saben e non saben aquilo que os demais saben sobre eles. A moitos tortúraos a súa propia duplicidade, pois non todos conseguen a perfección da puída disonancia cognitiva evidentemente alcanzada por algúns dos entrevistados por Martel. Isto corrobora a miña propia observación: o anticlericalismo e o odio ao Vaticano máis ferozes que oín na miña vida foron en boca dos seus propios empregados clericais.

Non, poden estar seguros de que moitos dos de dentro do sistema clerical, moitos daqueles que foron entrevistados para estas páxinas, tanto pública como anonimamente, van quedar tan atónitos como quedei eu, e como imaxino quedará a maior parte dos lectores ao rematar este libro. Os de dentro recibirán unha perspectiva sobre como e onde traballan que nunca a tiveron antes. A socioloxía ben feita facilita unha visión sobre os moradores dun sistema que estes nunca poderían alcanzar soíños. Naturalmente, na medida na que eles asuman esta perspectiva nova, alterarase a súa estrutura desde dentro de maneira que non poderemos anticipar.

#### 4.- Demos un paso atrás e vaiamos amodo

Xurdirán un innúmero de reaccións inmediatas ao libro de Martel, intentos de facer que encaixe dentro das guerras culturais de actualidade; posiblemente torrentes de furia de xente que non se tomou o traballo de ler as súas máis de cincocentas páxinas. Pois, aínda que a prosa de Martel é clara, elegante e ás veces até chistosa, é un libro sofisticado. Cando foi a última vez que a maioría de nós leu un libro salpicado de citas de Rimbaud? Ou onde un apartado sobre o mundo cultural de Jacques Maritain e os círculos literarios gais da Francia de comezos do século XX si vén ao caso para o tema central? De modo que os lectores terán que tomarse o seu tempo para formar un criterio sobre o libro, e máis tempo aínda para caer na conta do alí aprendido. Dunha cousa teño certeza: unha vez

visto, non pode deixarse de ver. E unha vez visto, este mesmo feito producirá unha gran alteración no sistema do hábito de mentir que está a saír á luz, e ao cal se está poñendo ante un espello.

Para comprender o que estamos a ver, creo que paga a pena dicir algo que agardo sexa evidente: era de esperar que día antes día despois aparecese un libro deste tipo. E isto por dúas razóns:

En primeiro lugar porque, sexa para ben ou para mal, todas as estruturas institucionais a nivel mundial están a se facer cada vez máis porosas, menos cribles, e menos capaces de esixir deferencia; grazas aos medios sociais sabemos moitísimo máis sobre a vida das persoas que as habitan dunha ou doutra maneira; e a mística asociada ás «casas de homes» puramente masculinas e xeradoras de mitos (estean en Papúa Nova Guinea, no Vaticano ou entre os senadores republicanos estadounidenses) debilitouse até o punto de volverse absurda, ás veces polo cómico, ás veces polo brutal.

En segundo lugar, posto que a tendencia xeneralizada desde a segunda guerra mundial cara á visibilidade e a normalidade non-patolóxica da xente gai, resultou ser, non unha moda, nin unha forma de dexeneración da sociedade senón un proceso auténtico de aprendizaxe humana acerca de algo verdadeiro sobre nós mesmos. A autoridade eclesiástica mostrouse quen de aprender sobre a mutabilidade das estruturas institucionais na época do Concilio Vaticano II. Con todo moi pouco despois, causoulle tal pánico a emerxencia da normalidade gai que entrou en campaña para tapar o sol cun dedo e insistir en reforzar a deshonestidade entre a súa xa moi grande poboación gai. Este libro testemuña o fracaso daquela campaña, pois o que outrora era innomeable, xa se fala con cada vez maior facilidade e sen andrónenas. A xente ten expectativas de honestidade cada vez máis altas nesta materia. Cada vez máis novos son capaces de detectar inmediatamente que se un cura se nega a dicir se é hetero ou se é gai, senón que se esconde, dicindo que é célibe, entón é, de feito, un home gai deshonesto, con toda a disfuncionalidade social que se pode esperar como resultado. Onde a homofobia estridente se interpretaba como sinal dunha verdadeira masculinidade, agora levanta máis sorrisos sobre aquel que fala ca sobre os brancos da súa animadversión.

Non hai que sorprenderse entón de que xa para finais do pontificado do papa Ratzinger un gran número de empregados novos e de mediana idade do Vaticano se atopasen moi preto da ebulición grazas á disonancia cognitiva, froito dun ensino falso ao cal renden unha homenaxe postiza, como condición sine qua non do seu emprego. E noten por favor que non é o gardar a continencia esta condición sine qua non. Para probable sorpresa de persoas de culturas anglosaxoas norteañas, practicamente ninguén nesta cultura mediterránea parece preocupado por isto, con tal de que se evite o escándalo. Non, o tal sine qua non é: «Non serás unha persoa veraz, nin vivirás nin actuarás honestamente como home publicamente gai, por moi casto que sexas». Pois isto sería levantar dúbidas sobre os demais, e ao mesmo tempo contradicir a posición oficial que di que sofres dunha desorde obxectiva grave que te incapacita para o sacerdocio. De aí a mestura entre o anhelado pola honestidade que se vive fóra e a presión da disonancia cognitiva, que medra con cada xeración, e que axudou a abrir para Martel tantas portas dentro do Vaticano, así como dentro de Conferencias Episcopais e Nunciaturas a escala mundial, levando á soltura de lingua dos seus moradores.

Quen pense que se trata dun xornalista anticlerical que enganou de maneira cruel aos seus entrevistados coa finalidade dun «outing» espectacular da Igrexa, estaría a tomar o ravo polas follas. Máis ben atopamos, repetidas veces, a un xornalista bastante relaxado e pouco prexuzoso, a quen lle caen ben non poucos dos seus entrevistados. Está a lles ofrecer a certo número de empregados eclesiásticos sen voz unha oportunidade para expresar por medio del a súa rabia, desesperación e tristeza fronte a este sistema tan evidentemente insustentable.

## 5.- Indicios dunha reacción non escandalizada

Oxalá poida recibir a autoridade eclesiástica con serenidade e gratitude, e como impulso a unha mellor vivencia do evanxeo, o coñecemento impartido por este libro! Pero sería unha tolemia facer unha aposta neste sentido. A partir de agora ningunha crí-

tica ao clericalismo do tipo que nos pide o papa Francisco pode deixar de tomar en conta o hábito de mentir sistémico con respecto á homosexualidade mal vivida que transparenta nas páxinas de Martel. Con todo, todo aquilo que estamos empezando a aprender sobre o colapso das estruturas institucionais a nivel mundial revélanos o sen norte no que están os encargados da súa reinvención, cara ás realidades contemporáneas. Aínda así, gustaríame sinalar algunhas posibles reaccións que me parece que fan un fraco favor mentres dixerimos o que saúu á luz e permitímoslle que informe o noso proceso de discernimento.

A primeira reacción pouco útil seguramente virá daqueles para quen cada novo episodio no escándalo sen fin causado polo encubrimento clerical dos abusos a menores, é un novo pretexto para lanzar ataques ao clero gai. Coma se houberse algo inherente ao ser gai que predispón ás persoas a que abusen de menores. E é que estamos ante un libro que confirma que o alto clero é gai en proporcións xamais imaxinadas, nin sequera polas denuncias do Cardeal Burke ou do arcebispo Vigandò, ou até as agudamente históricas do falecido bispo Morlino. Con todo, dubido que os fóbicos obteñan unha alegría desta evidencia que alcanza os niveis da súa alarma, xa que a mesma evidencia deixa totalmente claro que os homes gais de dobre vida están, se fose posible, até máis presentes na tradicionalista e publicamente homofóbica da Igrexa ca nas demais. E quen vai encabezar a tan anhelada purga, se a necesidade de purgar a homosexualidade nos demais é, de seu, un dos indicios máis fidedignos da homosexualidade mal vivida?

Pois non. De existir un vínculo inherente entre a homosexualidade e a pedofilia, sería moi notable que non se tiveran dado moitísimos máis casos de abuso clerical a menores ao longo do últimos cincuenta anos, tendo en consideración a proporción insospeitadamente alta de curas gais. A evidencia non suxire que a alta proporción de homes gais entre o clero leve a maior incidencia de abusos a menores, senón que a omnipresente deshonestidade clerical con respecto á súa homosexualidade, independentemente de calquera práctica sexual que poida existir, teña unha forte correlación co habitual encubrimento eclesíástico que adoita darse unha vez aparece

algún incidente de abuso a menores. Ou sexa, é a *chantaxeabilidade*, real ou imaxinada, e non a homosexualidade, o asunto clave aquí.

Unha segunda reacción que me parece pouco proveitosa virá dos que digan: «Pois ben, non vexo o problema no feito de que haxa tantos curas, bispos e cardeais gais, con tal que manteñan o seu compromiso coa continencia». Con delicadeza chamo a esta reacción pouco proveitosa, debido a que algúns dos que argumentan desta maneira son católicos heteros enteiraamente decentes que non queren, de maneira algunha, ser homofóbicos. Tan só queren que se manteñan as mesmas esixencias fortes para o clero gai que obrigan ao clero hetero. «Mentres a disciplina do celibato estea en vigor, debería aplicarse igualmente a todos, independentemente da súa orientación».

Vou ofrecer unha explicación gai de por que isto non axuda, e para isto teño que pedir ao lector que suspenda calquera sospeita de que estaría a tentar dalgunha maneira xustificar que o clero gai teña dereito a unha maior liberdade sexual ca o clero hetero. Non o estou xustificando. Estou totalmente a favor dunha Igrexa onde, sexa a que for a disciplina en vigor, se aplique de maneira equitativa. Con todo, para que este sexa o caso, os candidatos heteros e gais para o seminario terían que comezar desde a mesma liña de saída. E por agora, non é así.

Como serían as cousas cunha liña de saída compartida? Pois os mozos adultos da orientación que sexa medrarían desde a máis tenra infancia coa conciencia de que o matrimonio con alguén da súa elección amorosa é unha posibilidade non só real, senón desexable. Posibilidade esta que trae consigo felicidade, reputación e o fortalecemento dos seus vínculos familiares. A partir da súa adolescencia teríanse socializado por medio dos seus parentes e compañeiros en procesos de noivado. E se teñen sorte, terían algunha preparación para a humanización dos seus desexos sexuais con respecto a posibles parellas futuras. Os seus soños comentados en voz alta serían agradable fonte de humor tanto para a súa familia como para os seus colegas. Teríase polo menos esperado ou tolerado, cando non animado, a súa experimentación emocional e erótica.

Destes mozos adultos, algúns poucos, en paz coa súa orientación sexual e camiñando cara a unha responsabilidade emocional e erótica, atópanse chamados a non continuar polo camiño maioritario cara ao matrimonio, senón a abrazar unha vida de solteiro como a súa propia forma de seguir a Xesús. Esta opción ofrecerá un tipo de florecemento diferente, na medida na que se autodoan en variadas formas de traballo pastoral que os afastan das estruturas salariais necesarias para manter unha familia. A mozos adultos deste tipo dáselles a benvinda ao seminario. Alí dentro, como parte da súa educación teolóxica poden compartir a súa historia de vida até daquela. Tamén reciben a formación necesaria para un desenvolvemento de solteiro adulto psicolóxicamente saudable, cunha boa rede de apoio ao preparalos para o seu futuro campo laboral.

Espero que sexa dabondo evidente que este cadro, de por si altamente idealista até para os candidatos heteros, é sinxelamente inexistente para os candidatos gays. En primeiro lugar, a autoridade eclesiástica aínda ensina que a un novo gai non se o pode socializar de maneira apropiada pola humanización dos seus impulsos emocionais e sexuais cara ao soño de casar con alguén da súa elección amorosa. De feito, demasiados colexios de ensino secundario católicos, sobre todo en EEUU, demostran un legalismo feroz ao tentar aplicar estas ensinanzas á vida, tanto dos seus empregados, como dos seus alumnos. É máis, as autoridades ensinan que un novo gai non ten verdadeira liberdade de elección entre formar parella ou permanecer solteiro. Ten unha obriga solemne á vida célibe, reforzada de maneira poderosa coa ameaza do inferno.

De feito, as autoridades negan que poida existir unha persoa abertamente gai emocional e psicolóxicamente equilibrada que puidese efectuar unha elección libre entre vivir en parella ou ser solteiro, e así chegar a ser un candidato honrado para o seminario. O seu propio documento de 2005 deletréao con claridade. Tanto o cardeal que o asinou como o «perito» que o defendeu en *L'Osservatore Romano*, Mons. Anatrella (el mesmo suspendido do sacerdocio baixo sospeita de abusos sexuais a homes adultos) acaban con calquera dúbida: até os homes gays castos non poden

ser sacerdotes por mor das inherentes deficiencias psicolóxicas que os caracterizarían. A única conversa apropiada entre un candidato gai e un director de vocacións é aquela na que o candidato ten a obriga de contar que é gai, e o director ten a obriga de dicir que o candidato deberá retirarse. Esta prohibición foi repetida tan recentemente como en 2016.

Agora ben, é evidente para todo o mundo que a posición oficial é unha mentira, e non se aplica case en ningures. Até os bispos de liña máis dura afirman non discriminar baseándose na orientación sexual senón no que chaman «a madurez afectiva e emocional». Pero isto significa que, en realidade, non cren no seu propio ensino, pois están a admitir ao seminario a persoas ás que a existencia lles vén negada polo ensino oficial. Os candidatos admitidos así están automaticamente implicados pola súa mera presenza na deshonestidade dos seus superiores. É máis, con só finxir non ser gai (e moitos tiveron toda unha adolescencia para aprender como pasar por hetero) ningún candidato gai terá dificultade en atopar suficientes profesores no seminario que o introduzan no xogo de chiscadelas e disfraces. Pois estes son xa destros no asunto.

En resumo, moito antes de que xurda calquera pregunta sobre a práctica sexual do candidato, sexa no pasado, a actualidade ou o futuro, este decátase de que a única cousa imposible é que se presente de maneira directa e honrada en primeira persoa. Non atopa unha institución disposta a apoiar a súa narración en primeira persoa contra os fóbicos, tanto de dentro do seminario, como de fóra. Tampouco atopa unha institución que ofrezca ao candidato unha socialización para sempre á beira de admirados membros maiores, eles mesmos exemplos dun honesto relato en primeira persoa, ao asumir a súa opción pola continencia sexual, axudándose todos mutuamente nos seus respectivos momentos difíciles.

A aqueles que din «Non esiximos outra cousa ca a continencia vivida tanto polos gais como polos heteros», quixese contestarlles: é a receita perfecta para que non cambie nada do sistema actual. Se resolver o problema fose tan fácil como insistir repetidas veces na continencia, daquela que ocorre cos sacerdotes que a man-

tiveron, ou ben integramente, ou despois de recuperarse dalgún lapso reconecido como inapropiado? Por que non se puxeron en pé para falar en primeira persoa? Poderían facelo, por exemplo, para dar testemuño da falta de relación entre ser gai e ser pedófilo. Ou sinxelamente para facer visibles uns modelos para mozos atribulados. O meu amigo o Padre Jim Martin asegúranos que existen miles de sacerdotes fieis deste tipo, e estou de acordo con el. Pero por que, entón, o seu clamoroso silencio? Nun artigo recente sobre os curas gais, Andrew Sullivan, tamén amigo meu, non puido atopar máis ca un só sacerdote americano moi valente disposto a falar no seu propio nome e en primeira persoa.

Non, o silencio destes moitos e fieis sacerdotes dinos que o problema está na honestidade pública con respecto a quen é máis ca na continencia. Até os poucos que non teñen ningún incidente na súa vida pasada que sexa motivo de rubor, non falan. Será porque ao falar darán medo aos seus amigos e compañeiros? Perderás todos os teus amigos se a súa asociación contigo os saca a eles do armario. Se a ti non se te pode chantaxear nun campo onde a tantos si se pode, daquela como poderán contar contigo para gardar o secreto alleo, ou para comportarte coa debida discreción cando estás con eles? É máis, se falas directa e honradamente como cura gai, por casto que sexas, estás a dar testemuño público contra o ensino oficial, queiras ou non. Este ensino descríbete como portador dunha desorde obxectiva que te incapacita para o exercicio apropiado do teu papel. Dito doutra maneira, a honestidade levarate a perder os amigos, e a ter as túas posibilidades de emprego na Igrexa reducidas ás existentes en Siberia.

É aquí onde resultan difíciles para os amigos heteros as miñas explicacións de home gai. Se o comparamos co asunto da sinceridade acerca de ser gai contado en primeira persoa, o da continencia ten ínfimo peso para a maior parte dos curas gais. En primeiro lugar, e deixando de lado os moralismos sen fin ao seu respecto, é difícil que se dean actos humanos de menores consecuencias que os actos sexuais entre dous membros adultos do mesmo sexo que consenten. Non danan a ninguén, e non producen nin bebés



nin calquera alteración fisiolóxica ou intelectual discernible nos participantes. Non existe diferenza perceptible entre un Monseñor que ten un amigo con dereito a rozamento, e un Monseñor de quen o amigo vén sen tales beneficios. É máis, se o *Pai Fulano* sae de vacacións cada ano co seu amigo Mario, quen poderá dicir se teñen sexo ou non? E, máis contundente, a quen raios lle importa? O asunto carece de consecuencia discernible.

Non se dá o mesmo entre a xente hetero, onde os actos sexuais poden ter consecuencias notables, pois da relación entre un home e unha muller xorden moi rapidamente cuestións de xustiza, considerando a probabilidade da relativa vulnerabilidade económica da muller, e o feito de que os seus anos de fecundidade teñan data de caducidade. De modo que, se o *Padre Mengano* sae de vacacións cada ano coa súa amiga Mercedes, a non ser que sexa coñecida como o tipo de muller a quen lle encanta a compañía dos homes gais, serán mirados con receo. A incontinencia clerical entre heteros trae consecuencias en asuntos de xustiza e de posibilidades reprodutivas que están ausentes na incontinencia clerical gai. Non digo absolutamente nada acerca de se isto é bo ou malo. Nada máis sinalo que en termos puramente funcionais, o que un cura gai «practique» ou non, talvez teña unha importancia espiritual para el persoalmente, pero para o bo funcionamento do sistema clerical é un asunto tanto invisible como irrelevante.

De modo que a presenza do clero homosexual non é de seu o problema, posto que a homosexualidade non é nin máis nin menos indicadora da pedofilia que a heterosexualidade. A pregunta sobre se este ou outro cura gai ten práctica sexual ten un impacto cero sobre o funcionamento regular do sistema do costume de mentir. Non, o óso duro de roer, aquel ante o cal a confrontación é ineludible grazas ao libro de Martel, entre outros factores, é o asunto da honestidade. Unha veracidade de vida, vivida por suficientes membros como para que a chantaxeabilidade pola *omertà* da homosexualidade mal asumida deixe de ser unha ameaza.

E con isto chegamos á terceira reacción que tacho de pouco útil. A que consiste en esixir a honestidade por decreto. Algúns

dirán: «Todos estes tipos están a ser deshonestos. Deberían vivir honradamente». Por suposto, desde certo punto de vista, teñen razón. Pero é unha farsa cando a esixencia vén de boca daqueles que forman parte da mesma deshonestidade que se está criticando. A imitación ten un poder de atracción moito maior que calquera instrución, e cada candidato gai ao seminario verá a moitos parecidos a el xa no seminario, e entrevistaranos outros parecidos a el entre o persoal do seminario. Se, no medio de todo isto se lle insiste co ditame «Tes a obriga de dicirnos se es gai ou non, e se es gai e honesto, o encargado vocacional ten a obriga de esixirche que retires a túa candidatura», non se lle está, de verdade, presentando unha opción moral límpida. Dentro do contexto, estáselle presentando un valo, e a súa capacidade para saltalo demostrará a súa aptitude para encaixar no sistema como os demais. Se por un acaso o valo resultase un pouco alto, e se o candidato cae ben ao encargado, este poderá suxerir ao mozo que non é verdadeiramente gai. Sofre, máis ben, dunha forma transitoria de «atracción polo mesmo sexo» ou outra ficción eclesiástica conveniente. Se ao director de vocacións non cae ben, daquela si se pode utilizar o feito de que sexa gai para impedirlle a entrada.

Un sistema deshonesto non pode esixir que os seus recrutados sexan honestos, debido a que en tal sistema até a esixencia está feita deshonestamente, e con igual deshonestidade será recibida. O Santo Padre comentou nunha sección algo confusa e pouco profesional da súa recente entrevista con Fernando Prado que é da opinión de que os curas gais deberían saír antes que vivir unha dobre vida. Pois claro! A quen de nós se nos ocorre querer vivir unha dobre vida, ou que os nosos amigos vivan así, ou que o noso sacerdote viva así? Con todo, a súa petición non terá resultado mentres non se examine con maior criterio que tipo de dobre vida? E por que?

Por exemplo, non raras veces novos gais en conflito entran no seminario ou o seu equivalente. Inicialmente seguirán o xogo do requirido finximento. É isto talvez non sexa outra cousa ca a mesma hipervixilancia que os caracterizaba como adolescentes no armario, produto de ambientes cunha aversión relixiosa pola homosexuali-

dade. Agora ben, se a formación teolóxica e humana que reciben no seminario é medianamente boa, e moitas veces si o é, se se lles ensina ben a ler e a entender os evanxeos, se teñen ao seu alcance directores espirituais decentes e sabios, non é de sorprender que ao longo do tempo vaian descubrindo a verdade: que eles non teñen nada de obxectivamente desordenados, e que o ensino oficial nesta materia é sinxelamente falso. Ou sexa, a graza saírase coa súa!

O que, ao pasar os anos, estes homes descubran a outros semellantes a eles, sexan clérigos ou laicos, e nalgúns casos, que se emparellen, non ten nada de raro. Probablemente caerían na conta de que o seu compromiso co celibato é nulo. Pois no momento de asumilo, unha parte, a autoridade eclesiástica, estaba a mentirlles acerca de quen é, e acerca da súa liberdade para elixir unha vida compartida. Da mesma maneira, calquera matrimonio sería nulo baixo as mesmas circunstancias de mentira dunha parte cara á outra. Na medida na que estes homes chegan a ter unha boa conciencia, por que deberían considerar que están a facer algo malo? A fin de contas, chegaron a medrar na graza e na verdade na medida na que chegaron a percibir a deshonestidade cara a eles da institución da que dependen polo seu emprego.

Daquela, dentro do sistema tal e como está agora, en moitas ocasións un superior ou un bispo sabio non interferirán en algo que fai dos membros da parella xente máis sa. Limitarase a esperar que saiban manter a discreción, e rogará que non sexa informado directamente da situación, para que non teña que «saber» de maneira innegable. A propia parella entenderá que a única regra que importa é aquela de non causar escándalo. A duplicidade que os golpeará non ten nada que ver coa súa vida sexual, pola cal ninguén se interesa nin un pouquiño. Terá que ver co feito de que xamais poderán suxerir en público que o ser gai non é problema, e que formar parella do mesmo sexo non é problema para os fiéis que eles atenden. O prezo que pagarán por unha vida tranquila é estar de acordo en non contar a verdade e nunca interferir coa propagación dunha mentira polos líderes da Igrexa. Velaquí a dor da vida dobre: non o que esteas a ter prácticas sexuais que non debías

ter. Hai tempo que aprendiches que non é o caso. Senón que o prezo dunha vida sosegada, xa permanezan xuntos ou se separen, é non desafiar nunca de maneira pública a mentira institucional. E isto si representa un dilema real para a vocación sacerdotal. Se saes, triunfa a mentira. Se quedas, triunfa a mentira. Que facer?

Non, a honestidade non pode ordenarse por decreto, nin tampouco a poden esixir os xefes dun sistema deshonesto. A veracidade, por contraste, sen a cal non pode existir a honestidade, ela si a pode facilitar a autoridade eclesiástica. E é isto o máis interesante que debemos manter baixo observación a medida que apreciamos aquilo que seguramente ha volverse cada vez máis visible despois do libro de Martel. De que maneira a autoridade eclesiástica chegará a facilitar a veracidade institucional? Terá que ter impacto nos dous extremos do espectro que son de importancia estrutural. Por unha banda, os nenos que, ao medrar, talvez se atopen chamados ao sacerdocio. E doutra banda os bispos. Son os únicos capaces de crear o contexto de veracidade necesaria para que poidan emitirse promesas de ordenación límpidas.

Tan só cando sexa evidente para os nenos que Deus os fixo como son e así os ama, e que o proceso polo cal chegarán a humanizar a súa capacidade para o amor é lexítimo tome a forma que tome, tan só daquela, na seguinte xeración haberá candidatos rectos para o seminario, para quen o ser gai ou hetero será un asunto sen importancia, e nos que a presentación veraz en primeira persoa, darase con normalidade, posto que o importante é o proxecto do Reino, e chegar a ser os seus operarios incondicionais.

E ao outro extremo do espectro, cando os propios bispos estean a vivir a súa orientación, sexa cal for, de maneira honesta e responsable ante o público, cando sexan capaces de ofrecer un contexto de veracidade dentro do cal os seus ordenandos poidan emitir promesas ou votos sen que as dúas partes estean a xogar un xogo tipo «non preguntes, non o digas», tan só daquela será razoable que haxa unha expectativa de honestidade entre o clero.

E por suposto estas dúas cousas, o ensinalles aos nenos gais a verdade sobre si mesmos, e o ter a expectativa de sinceridade dos

bispos gays, só serán posibles cando se teña interposto un ensino eclesiástico auténtico sobre o que realmente é o caso acerca dos seres humanos en cuestión, superando así os recentes ofuscamentos circulares das congregacións romanas. Bote unha mirada ao que dicía o Concilio Vaticano II, nun texto de moito maior peso ca os subseguintes documentos sobre a homosexualidade. Pódese albiscar o que talvez fose á fin e ao cabo o ensino da Igrexa desde o principio, malia ás tentativas desesperadas de gardala baixo chave desde mediados dos anos setenta. Así reza *Gaudium et Spes* (1965):

§36. ...Se por autonomía da realidade se quere dicir que as cousas creadas e a sociedade mesma gozan de propias leis e valores, que o home ha descubrir, empregar e ordenar aos poucos, é absolutamente lexítima esta esixencia de autonomía. Non é só que a reclamen imperiosamente os homes do noso tempo. É que ademais responde á vontade do Creador. Pois, pola propia natureza da creación, todas as cousas están dotadas de consistencia, verdade e bondade propias e dunha propia orde regulada, que o home debe respectar co recoñecemento da metodoloxía particular de cada ciencia ou arte. Por iso, a investigación metódica en todos os campos do saber, está realizada dunha forma autenticamente científica e conforme ás normas morais, nunca será en realidade contraria á fe, porque as realidades profanas e as da fe teñen a súa orixe nun mesmo Deus...

Ao aprender, e logo ao ensinar, a verdade faranos libres. A verdade respecto diso daquela variante minoritaria, non patolóxica e de aparición regular na condición humana que se chama «a homosexualidade». Agardo que o libro de Martel nos dea un ímpeto forte neste sentido. Aqueles que viven atrapados pola estrutura autorreforzante do hábito da mentira sistémica que el describe, como tamén aqueles a quen serve, están, a propósito ou non, implorando esta misericordia.

**James Alison**  
[www.jamesalison.co.uk](http://www.jamesalison.co.uk)